

Quebracabezas: Condutas de risco



OBXECTIVOS DA DINÁMICA

- » Promover o estilo de comportamento asertivo como prevención ás condutas de risco.
- » Ofrecer unha conceptualización adecuada dos diferentes termos.
- » Reflexionar acerca dos diferentes conceptos.

DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

- » Preparación da dinámica: Imprimimos e recortamos tantas copias da folia 2 deste documento como grupos vaiamos formar na aula.
- » Entregamos a cada grupo un dos quebracabezas e un folio. A súa tarefa consistirá en colocar cada palabra coa súa definición e co seu exemplo de comportamento protector.
- » Corriximos o quebracabezas. Cada grupo vai dicindo unha palabra, a súa definición e o seu exemplo. Os demais grupos mostran o seu acordo ou desacordo. Teñen que chegar a un consenso e modificar os quebracabezas cando así o decida o gran grupo.
- » O seguinte grupo fai o mesmo coa seguinte palabra e así sucesivamente. É importante que corrixan os seus erros. Cando finalizan, o titor/a observa o resultado nunha das mesas e di se está ben ou se hai algún erro, nese caso pode dar a pista de se é un erro no concepto, no exemplo, cantos erros de concepto e de exemplo teñen...

PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

- » Que vos pareceu a dinámica? Pareceuvos útil?
- » Foi fácil conceptualizar e poñer exemplos ás diferentes palabras? Que palabras foron máis difíciles de diferenciar?
- » Pensades que levar a cabo condutas de risco é propio da vosa idade?
- » En que pode facervos dano?
- » En que afecta aos demais, a vosa familia e amizades as vosas decisións?
- » As condutas de risco, é cousa de homes, de mulleres ou de ambos?
- » Valorades o risco cando tomades algunha decisión, ou primeiro facédelo e despois pensades nas consecuencias?

Grazas!!

VIOLENCIA DE XÉNERO	DROGO-DEPENDENCIA	CONSUMISMO	LUDOPATÍA
DELITO CO SEXTING	GROOMING	CONDUTAS SEXUAIS DE RISCO	ACOSO E CIBERACOSO
Acto de violencia (inclusive as ameazas de tales actos), tanto na vida privada como na pública, que cause algún dano físico ou psicolóxico á muller.		Hábito de consumir drogas, do que non se pode prescindir ou resulta moi difícil facelo por razóns de dependencia psicolóxica ou mesmo fisiolóxica.	
Tendencia ao consumo excesivo e innecesario de bens e produtos.		Alteración do comportamento que consiste en perder o control dos nosos impulsos ante o xogo de azar.	
Extorsión, atosigamento ou acción de compartir con outras persoas materiais con contido erótico ou sexual doutras persoas, aínda que xurdise dun intercambio voluntario.		Accións levadas a cabo por un adulto para gañarse a amizade dunha persoa menor de idade, co fin de abusar ou agredir sexualmente.	
Prácticas sexuais que aumentan o risco de padecer enfermidades de transmisión sexual (ETS) e/ou embarazos non desexados.		Acoso físico ou psicolóxico ao que someten, de forma continuada, a un alumno/a os seus compañeiros/as, sexa no centro, coma fóra ou utilizando medios electrónicos.	
Non consinto que me digas o que me teño que poñer ou as amizades que podo ver. Iso forma parte da miña vida. Se queres vir connosco dar unha volta, paréceme perfecto.		Antes de consumir calquera substancia, investigo sobre os seus efectos.	
Antes de decidir se compro ou non algo, penso se verdadeiramente o necesito.		Levo anotado nun caderno todo o que gasto e o que gaño, para comprobar se realmente é ou non un choio.	
Non me fío das persoas que insisten en que lles mande fotos con algún tipo de connotación sexual.		É raro que alguén que non me coñece me entenda tan ben... será realmente da miña idade?	
Se hoxe non temos medios para previr, mellor facemos outras cousas que tamén nos poden dar pracer.		Que podo facer para axudarte nesta situación que estás vivindo no Instituto?	

Grazas !!

atrote
RECURSOS EDUCATIVOS